

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001683	IES Martaguisela	O Barco de Valdeorras	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	11
4.1. Concrecións metodolóxicas	30
4.2. Materiais e recursos didácticos	31
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	33
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	33
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	34
6. Medidas de atención á diversidade	36
7.1. Concreción dos elementos transversais	38
7.2. Actividades complementarias	39
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	39
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	41
9. Outros apartados	42

1. Introducción

A aprendizaxe da Lingua e literatura galega, a través da presente programación didáctica está orientada tanto á eficacia comunicativa do noso alumnado, como a favorecer progresivamente un uso ético da linguaxe. Esta programación reforza á consecución dun triple obxectivo: o progreso do alumnado no dominio das destrezas instrumentais (escoitar, falar, ler e escribir), así como tamén dos coñecementos teóricos e do coñecemento histórico, ademais de reforzar o traballo na comprensión crítica da evolución da realidade actual da lingua. Afondaremos sobre o coñecemento da literatura galega como manifestación cultural ben diferenciada das outras literaturas próximas (castelán e portuguesa) e servirá como punto de inicio para as propias producións do alumnado. Con esta programación seguirase avanzando no desenvolvemento de todas as competencias tratadas no primeiro curso e afondando sobre elas e avanzando noutras novas.

O marco legal que envolve esta programación didáctica recolle a lexislación no Decreto 156/2022, de 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e marca o punto de partida para a mesma. O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura para o segundo curso da ESO establece, ademais dos obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben traballar neste nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques: O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua, propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 2º de ESO, os bloques concréntanse en 10 unidades didácticas que promoven a través dos seus títulos a motivación para captar a atención do noso alumnado. Trataremos temáticas modernas e actualizadas coas que o noso alumnado se sentirá máis contactado e identificado, as temáticas utilizadas serán a tecnoloxía, a música actual e o modelo máis urbanita.

Esta programación foi pensada para un alumnado da zona do Barco de Valdeorras, alumnado o cal, a maior parte del, provén da mesma vila, polo tanto son urbanos ou de aldeas da contorna que hoxe en día considérase unha tipoloxía mixta. Moitos deles viven en aldeas pero considéranse máis unidos a intereses urbanitas dentro da vila que aos intereses ou á vida propiamente rural. A vila é unha zona de moito traballo relacionado co sector da mineiría da explotación da pizarra e do sector vitivinícola, ademais do sector servizos da zona.

Estes sectores primarios atraen a moitas familias inmigrantes que veñen cos seus fillos e fillas e son escolarizados con diferentes niveis e desfases curriculares, a maior parte deste alumnado leva varios anos escolarizados e acadou practicamente o nivel de estudos de cada curso. A inmigración e as características culturais das diferentes procedencias do alumnado serán un marco importante para a integración e a inclusión deste alumnado usando esta riqueza cultural para marcar as diferenzas culturais pero tamén as coincidencias de países tan afastados como Siria, Portugal ou Marrocos, por exemplo.

Por último, cómpre salientar que os libros de lectura propostos para cada trimestre deberán abordar temáticas ben diferenciadas e insírense en distintos xéneros literarios. No primeiro trimestre proporase unha obra narrativa, no segundo, unha peza teatral e no terceiro, unha obra de Banda Deseñada.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	LINGUA DE MAR, LINGUA DE TERRA	<p>Logo da avaliación inicial feita nos primeiros días do curso, continuarase co coñecemento iniciado en primeiro de ESO. Os contidos serán os seguintes:</p> <p>Coñecer o concepto de prexuízo, analizando as razóns que motivan a súa orixe e construíndo unha opinión crítica para os poder combater. Detectar e desbotar prexuízos lingüísticos, especialmente os referidos á lingua galega. Entender e analizar a mecánica da comunicación, así como os elementos que interveñen no proceso comunicativo. Saber as funcións da linguaxe e que factores as determinan. Identificar e analizar a lingua galega en canto á súa vitalidade e status socio-legal. Coñecer os conceptos de lingua maioritaria, lingua minoritaria e lingua minorizada. Comprender e analizar a realidade lingüística galega a través do estudo das variedades internas. Estudiar e valorar os fenómenos lingüísticos propios do galego, en particular a gheada e o seseo. Repasar o alfabeto galego afondaremos nas regras de acentuación e no acento diacrítico.</p>	10	10	X		
2	GALEGANDO	<p>Os contidos nesta UD son:</p> <p>Coñecer a lexislación do uso dos topónimos galegos e a protección na actualidade e valoralos (microtoponimia), así como os antropónimos, como un ben cultural. Aprender a orixe dalgúns topónimos e coñecer aqueles da realidade da contorna. Analizar as diferentes modalidades textuais segundo a organización do seu discurso. Producir textos propios (orais e escritos) atendendo ás propiedades da adecuación, a cohesión e a coherencia. Coñecer as características básicas do substantivo, do adxectivo determinativo e do adxectivo cualificativo desde o punto de vista morfolóxico. Coñecer e pór en práctica as regras para a flexión de xénero e de número en substantivos, adxectivos determinativos e cualificativos. Identificar graos do adxectivo cualificativo realizando prácticas de uso adecuado en estruturas comparativas. Saber dividir silabicamente a palabra con base na súa acentuación. Consolidar a</p>	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	GALEGANDO	acentuación gráfica: agudas, graves e esdrúxulas e en ditongos e hiatos.	10	10	X		
3	CÓNTAME O QUE CHE PASA!	<p>Os contidos serán:</p> <p>Analizar, de maneira sucinta, as relacións entre as palabras que operan no plano da Semántica.</p> <p>Recoñecer determinados trazos semánticos nas palabras dun texto.</p> <p>Coñecer as diferentes tipoloxías textuais segundo o seu ámbito de uso.</p> <p>Determinar as características dos textos da vida cotiá e das relacións sociais, facendo especial fincapé naqueles vinculados coas novas tecnoloxías.</p> <p>Recoñecer, nun texto, os seus trazos principais e identificar aqueles que permiten adscribilo a unha tipoloxía concreta.</p> <p>Analizar o funcionamento dos pronomes, especialmente dos pronomes persoais.</p> <p>Saber diferenciar, en contextos de uso simples, cando o pronome presenta función substantiva e cando presenta función adxectiva, distinguindo o pronome do adxectivo determinativo.</p> <p>Coñecer as formas dos pronomes persoais, distinguindo a serie tónica da átona.</p> <p>Aprender as regras básicas de colocación do pronome átono.</p> <p>Repasar as normas de acentuación e coñecer os casos de acentuación diacrítica.</p>	10	10	X		
4	A CABALO OU DE PEÓN	<p>Para rematar o primeiro trimestre fixaremos os seguintes contidos:</p> <p>Analizar pormenorizadamente as relacións semánticas de polisemia e homonimia, distinguindo os casos de homonimia máis comúns.</p> <p>Expoñer as características dos textos dos medios de comunicación.</p> <p>Estudar e analizar os textos xornalísticos desde diferentes perspectivas: estrutura, estilo e expresividade, xénero, trazos diferenciais, modalidade oral ou escrita... facendo especial fincapé nas características específicas dos medios dixitais.</p> <p>Redactar textos xornalísticos propios e procurar información na Rede para iso.</p> <p>Realizar un achegamento ao verbo, ás formas verbais e á conxugación.</p> <p>Recoñecer algunhas das singularidades dos verbos regulares.</p> <p>Empregar as formas verbais axeitadas en contextos determinados.</p> <p>Repasar a acentuación en casos de encontro vocálico.</p>	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	A CABALO OU DE PEÓN	Diferenciar os tipos de ditongos e hiatos segundo as vogais que os compoñen. Recoñecer, en mostras sonoras, o timbre das vogais de grao medio.	10	10		X	
5	QUEN FOXE NA ESCURIDADE?	<p>Para comezar o segundo trimestre focalizaremos os seguintes contidos</p> <p>Comprender conceptos de sinonimia e antonimia, analizando as súas diferentes tipoloxías.</p> <p>Recoñecer exemplos de sinonimia e antonimia nos textos facilitados, así como interpretar as súas diferentes casuísticas.</p> <p>Estudar e analizar as diferentes tipoloxías de textos da vida académica.</p> <p>Recoñecer as características de distintos tipos de texto da vida académica, favorecendo a capacidade de construír textos de produción propia con base nestas.</p> <p>Analizar e recoñecer a estrutura morfolóxica dos verbos semirregulares e irregulares.</p> <p>Conxugar, de maneira axeitada, verbos semirregulares e irregulares, de xeito que se amose o dominio das súas particularidades morfolóxicas.</p> <p>Coñecer, os usos do infinitivo flexionado, recoñecendo contextos de uso e emprego.</p> <p>Analizar e recoñecer a estrutura das perífrases verbais máis correntes da lingua.</p> <p>Repasar e consolidar algúns casos especiais de acentuación en galego.</p>	10	10		X	
6	MOITO MÁIS LONXE	<p>Nesta unidade traballarase:</p> <p>Recoñecer algunhas das relacións semánticas máis frecuentes entre as palabras.</p> <p>Profundar no coñecemento da hiperonimia e a hiponimia.</p> <p>Analizar o concepto de cohiponimia.</p> <p>Coñecer, de maneira xenérica, os conceptos de meronimia e holonimia.</p> <p>Identificar as características básicas do texto literario.</p> <p>Recoñecer os principais trazos da linguaxe literaria, desde os recursos de repetición ata os recursos da linguaxe figurada.</p> <p>Estudar o concepto de sintagma, recoñecendo as súas diferentes clases.</p> <p>Introducir os principios básicos da análise sintáctica.</p> <p>Aprender algunhas cuestións que entrañan certa dificultade canto á ortografía da lingua, nomeadamente respecto das palabras que se escriben con x e/ou s.</p>	10	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	O MAXÍN INESGOTABLE	<p>Os contidos desta UD:</p> <p>Analizar e diferenciar os termos campo semántico, campo lexical e campo asociativo, así como introducir o concepto de familia léxica.</p> <p>Establecer os elementos da narración literaria, distinguir os distintos narradores dun texto narrativo tendo en conta a súa perspectiva (voz interna e voz externa); clasificar os personaxes secundarios ou principais; así como analizar o espazo narrativo, clasificando as súas características a respecto dos seus posibles referentes reais (ou ante a ausencia deles); analizar e comprender as diferenzas entre o tempo interno e o tempo externo literario. Distinguir entre enunciado, frase e oración. Estudar o concepto de suxeito, e determinar cantas clases de suxeito se poden dar nunha oración. Aprender a identificar o suxeito dunha oración, reparando nos casos das oracións impersoais.</p> <p>Recoñecer os casos de grafía dubidosa, en galego (x, s, ll ou i e) diferencias co español, idioma de interferencia frecuente.</p>	10	12			X
8	CONSTRUÍNDO A HISTORIA	<p>Nesta UD trataremos:</p> <p>Entender o concepto de palabra e analizar os seus constituíntes. Distinguir as simples das complexas.</p> <p>Analizar e comprender a derivación afixal como un dos mecanismos básicos para a formación de palabras.</p> <p>Analizar e interiorizar o concepto de novela distinguíndoa doutros xéneros e subxéneros narrativos.</p> <p>Observar as modalidades de novela segundo a súa temática e a verosimilitude dos sucesos narrados, así como a coñecer algúns exemplos significativos de novelas da literatura galega e da literatura universal. Interiorizar, aqueles trazos do xénero narrativo e ser quen de crear producións propias a partir deles.</p> <p>Recoñecer o predicado dunha oración e identificar o seu núcleo. Analizar e recoñecer algúns dos complementos do predicado, concretamente o complemento directo, o indirecto e o atributo. Distinguir o predicado nominal do verbal.</p> <p>Repasar algunhas das grafías problemáticas, canto aos grupos consonánticos, e aprender a escribir e a pronunciar correctamente.</p>	10	10			X
9	VIDAS NAS PANTALLAS	Comprender conceptos de composición e	10	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	VIDAS NAS PANTALLAS	<p>parasíntese, relacionando con procesos de formación de palabras previamente estudados.</p> <p>Relacionar o concepto de parasíntese co de derivación afixal.</p> <p>Profundar no concepto de cinema, estudando os xéneros, entendendo o funcionamento de diferentes recursos da linguaxe cinematográfica, distinguindo planos, ángulos e movementos da cámara.</p> <p>Analizar o guión cinematográfico, tratando as etapas que interveñen na súa creación e instrumentos que o apoian: storyline, storyboard etc; analizaranse fotogramas e vídeos de producións que interioricen os conceptos estudados.</p> <p>Analizar clases de complementos do predicado verbal: o c. predicativo, o c. de réxime, o c. de axente e o c. circunstancial.</p> <p>Producir textos que respecten as propiedades textuais básicas.</p> <p>Recoñecer, en diferentes enunciados, os c. do predicado estudados na unidade, distinguíndoos e relacionando cos estudados.</p> <p>Aprender a grafía dubidosa, poñendo en relación a súa escrita co seu significado.</p>	10	10			X
10	AIRIÑOS, AIRIÑOS, AIRES	<p>Nesta UD trataremos:</p> <p>Recoñecer as palabras derivadas por sufixación e prefixación, dentro do mecanismo de derivación afixal.</p> <p>Apreciar as diferenzas entre sufixos e prefixos apreciativos e nocionais.</p> <p>Coñecer as orixes da lírica e os seus trazos básicos.</p> <p>Repasar as regras para o cómputo silábicos dos versos dun poema.</p> <p>Aprender as licenzas métricas que se poden aplicar na contaxe silábica dos versos.</p> <p>Analizar os tipos de rima, consonante e asonante.</p> <p>Aprender a realizar o esquema métrico dunha composición poética.</p> <p>Valorar a achega dos tópicos literarios ao universo poético.</p> <p>Gozar do texto poético e interesarse polas composicións propias e alleas.</p> <p>Comprender a clasificación da oración simple segundo os diferentes criterios que permiten elaborar a dita clasificación.</p> <p>Analizar as distintas modalidades oracionais e os exemplos delas, recoñecéndoas en textos escritos.</p> <p>Coñecer as principais regras de uso do punto, a coma e o punto e coma.</p>	10	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	AIRIÑOS, AIRIÑOS, AIRES		10	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	LINGUA DE MAR, LINGUA DE TERRA	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado deberá recoñecer as semellanzas e diferenzas entre os sistemas ortográficos do galego e do Portugués	PE	70
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global dun texto e explica a interacción entre os diferentes códigos.		
CA2.8 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado é capaz de procurar a información requirida en textos da vida real.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado identifica e desterra os usos discriminatorios da linguaxe en textos da vida real e en situacións onde a comunicación non verbal xoga un papel fundamental.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado fai un traballo de busca na rede sobre un texto literario e expresa a súa opinión.		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado é capaz de atopar as diferenzas e semellanzas temáticas entre dous textos traballados na clase.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado traballa a corrección dunha elaboración propia e corrixe os seus erros propios erros coa axuda do docente, o dicionario e apuntamentos gramaticais.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa en grupos de traballo onde teñen que chegar a a acordos para levar a cabo unha actividade.		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado escolle unha pasaxe dun teto literario indicado polo profesorado e redacta unha recomendación literaria da obra.	TI	30
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado é capaz de entender, ler e corrigir textos elaborados por compañeiros e compañeiras na clase e aportar ideas para enmendar algúns problemas na redacción.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

UD	Título da UD	Duración
2	GALEGANDO	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado valora e respecta as variedades lingüísticas galegas e identifica as zonas das variedades en bloques.	PE	70
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado é capaz de entender textos orais extraendo a información relevante sendo de outros bloques lingüísticos aos que está acostumado/a.		
CA2.8 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado é capaz de identificar en enunciados de verdadeiro e falso certos aspectos relacionado coa tematica dun texto proposto.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado é capaz de identificar os xestos da linguaxe non verbal en enunciados propostos pola docente.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica e interpreta as diferentes partes de varios textos da vida cotiá que se traballaron na clase.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O Alumnado é capaz de facer xeneralizacións na creación de topónimos e formula hipóteses sobre a orixe da toponimia de nomes que non coñece.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado interpreta e resume a información máis relevante de textos de diferentes temáticas.	TI	30
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado elabora un traballo en grupo onde ten que buscar información na rede con algun texto traballado na clase e relacionalo con outras artes (PINTURA, CINE, DESEÑO, REDE, ETC.)		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado é capaz de buscar información sobre a orixe do TOPÓNIMO da súa zona en diferentes medios e escoller os máis fiables, chegando a orixe real do topónimo.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado é capaz de corrixir e reflexionar os erros que se detectan e enmendan ou corrixen os erros propios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hipe-rónimos e elipses).

Contidos

- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados ao círculo literario e lector.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
3	CÓNTAME O QUE CHE PASA!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado fai un traballo sobre a toponimia da súa contorna para que desbote prexuízos lingüísticos sobre a deturpación da toponimia.	PE	70
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado é capaz de facer unha pequena narración sinxela de temas educativos con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado.		
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	alumnado é capaz de recoller información de diferentes soportes para elaborar un traballo sobre a comunicación actual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado emprega correctamente os signos de puntuación (punto e coma e paréntese no texto descriptivo.	TI	30
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado é capaz de recoñecer os recursos expresivos e figuras estilísticas dun poema traballado na clase.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado é capaz de elaborar unhas regras básicas de colocación dos pronomes consultando varias fontes e facendo as súas propias conclusións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Introducción á reflexión interlingüística. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
4	A CABALO OU DE PEÓN	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado respeta e valora a diversidade lingüística da contorna, sen prexuízos lingüísticos.	PE	70
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado reconece en textos dados pola docente as características formais de estrutura básica.		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado é capaz de elaborar pequenos textos escritos similares os traballados na clase.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado elabora unha noticia propia contrastando a información da mesma noticia en diferentes medios.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado é capaz de argumentar os diferentes tipos de crónica xornalística de varios texto que a docente pon como exemplos.		
CA3.3 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza a información relevante nun texto proposto para facer un resumo do mesmo.	TI	30
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado escolle diferentes fragmentos segundo o seu gusto, para traballar con eles na clase.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado é capaz de explicar e compartir a selección dalguns fragmentos de textos escollidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
